

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 18/12/2019 13:44:03

**SAIDA 13677/19**

[REDACTED]

Reclamante [REDACTED]  
Expediente. Nº **RSCTG 115/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 19 de agosto de 2019, a Comisión da Transparencia, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 17 de decembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 19/08/2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de información sobre o vínculo laboral do Dr. [REDACTED] co Servizo Galego de Saúde

O reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa petición.

O escrito viña acompañado de copia a da súa solicitude e do seu DNI.

**Segundo.** Con data 21 de agosto de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 27 de agosto de 2019.

**Terceiro.** Con data do 30 de setembro de 2019, a Consellería de Sanidade contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

En síntese a Consellería informa que o reclamante leva presentados varios escritos de acceso á información pública que teñen como denominador común unha operación cirúrxica que lle realizaron no Servizo de Cirurxía Maxilofacial do CHUAC (Hospital da Coruña) na que participaron dous doutores. Desde a alta hospitalaria no 2017 a Consellería considera que comezou unha persistente "persecución" contra os mencionados doutores, presentando todo tipo de escritos, cuestionando o seu proceder clínico e tratando de menoscabar a credibilidade con todo tipo de comentarios sen xustificación. Presentou unha reclamación patrimonial que foi instruída e resolta, denegando as pretensións do reclamante, así como o posterior recurso administrativo, quedándolle expedita a vía xudicial.

Non consta que acudira a esa vía e continuou coa presentación de todo tipo de escritos ante diferentes órganos da Consellería de Sanidade e do Sergas, agora xa ao amparo da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e o bo goberno.

A intención da Lei de Transparencia parece clara, no senso de que a Administración Pública debe actuar baixo criterios de transparencia, tanto de publicidade activa como da información que solicite a cidadanía. Considera a Consellería que, de conformidade co disposto no artigo 18.1.e) da Lei 19/2013, as solicitudes do ██████████ teñen un marcado carácter abusivo que non está xustificada na Lei de conformidade co criterio antes expresado respecto á finalidade da transparencia.

As súas solicitudes so teñen unha finalidade, como se pode ver nos distintos expediente tramitados nesa comisión, xa que todas as solicitudes realizan xiran en torno á súa intervención cirúrxica e aos doutores que a practicaron, en termos que non teñen amparo coa finalidade da Lei de acordo coa Exposición de motivos.

Por outra parte, non cabe dúbida do impacto que a actividade deste señor está ocasionando no servizo de cirurxía maxilofacial do CHUAC, e sobre todo, nos doutores ██████████ ██████████ que aplicaron o seu mellor criterio clínico na intervención realizada e sobre os que no expediente de responsabilidade patrimonial se determina que a actuación foi conforme á lex artis e a evidencia científica. Á vista dos abundantes descalificativos que o recorrente dedica aos mencionados profesionais, que non están xustificadas en ningún caso, estímase que debe primar a protección da persoa sobre a pretendida información pública, polo que considera que o recurso de ██████████ debe ser desestimado.

**Cuarto.-** Sometida proposta de Resolución á Comisión da Transparencia, na sesión nº 35 do 29 de outubro de 2019, acordouse dar trámite de audiencia previo á súa resolución, ao Dr. ██████████

Con data do 12 de novembro de 2019, o interesado recibiu o oficio de apertura do trámite de audiencia e con data do 22 de novembro de 2019, presenta escrito no que manifesta que a solicitude do recorrente é abusiva e carente de xustificación, polo que está conforme coa resposta dada ao respecto por parte da Consellería de Sanidade.

**Quinto.-** Con data de entrada no Rexistro do Valedor do Pobo do 26 de novembro de 2019, o interesado presenta un escrito por medio do cal desiste de todas as súas reclamacións interpostas ante a Comisión da Transparencia de Galicia, xa que todas elas tiñan como fondo do asunto o que considera unha negligencia médica, e dado que a Consellería de Sanidade respondeu a un recurso que tiña pendente, ten aberta a vía do recurso contencioso-administrativo.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto.- Análise do expediente**

De conformidade co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non este prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, téndose personada no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.

De acordo co anterior, tendo presentado polo interesada escrito no que desiste de todas as reclamacións presentadas ante a Comisión da Transparencia, e non constando a existencia de

dereitos de terceiros interesados que podan resultar afectados, procede aceptar a desistencia á reclamación presentada e declarar concluído o procedemento.

De acordo co anterior, a Comisión da Transparencia

### **ACORDA**

**Único:** Arquivar por desistencia a reclamación presentada por [REDACTED] con data 19 de agosto de 2019, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de información sobre o vinculo laboral dun determinado facultativo do Servizo Galego de Saúde.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2019

76706870F	Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
MARIA DOLORES	DOLORES FERNANDEZ
FERNANDEZ (R:	(R: S6500009C)
S6500009C)	Fecha: 2019.12.18 12:17:09 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia**